

ÍNDICE

1. FINALIDADES.....	2
2. ACTIVIDADES PREVISTAS.	2
3. COMPOSICIÓN DO CLUB DE LECTURA E PARTICIPANTES.....	3
4. HORARIO E CALENDARIO PREVISTO PARA AS REUNIÓNS PRESENCIAIS.	3
5. FORMA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.....	3
6. MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR.	4



CLUB DE LECTURA EX LIBRIS

1. FINALIDADES.

O Club de lectura *Ex Libris* do IES Félix Muriel de Rianxo pretende ser un lugar de encontro co mundo da escrita e da imaxinación. Varios anos de contacto co *Ex Libris* son unha base sólida para definir esta experiencia de moi positiva. Nestes cursos anteriores participaron xa centos de alumnos/as e tamén varios docentes. Pensamos que a continuidade do Club é necesaria por todos eses alumnos que participaron e desexan continuar convivindo coa lectura por pracer.

O noso é un Club cun forte vínculo na biblioteca, de feito este lugar é utilizado para a maioría das reunións, tamén colaboran co *Ex Libris* a persoa responsable e os colaboradores da biblioteca do IES Félix Muriel. Coa experiencia adquirida en cursos precedentes estamos convencidos que o noso Club debe:

- 📖 Fomentar o interese polos libros e pola lectura.
- 📖 Conseguir que a lectura sexa un pracer e non unha obriga.
- 📖 Facilitar a exposición das diferentes experiencias que achega a lectura dun libro, compartir estas experiencias cos demais nun ambiente informal.
- 📖 Achegar os libros a todos aqueles membros da comunidade educativa que o desexen.
- 📖 Potenciar a imaxinación do alumnado, tentando que expoñan en público e sen temor as súas ideas.
- 📖 Favorecer a expresión oral do noso alumnado e tamén achegalos a outras realidades.

- 📖 Animar ao alumnado a descubrir por eles mesmos o gran universo do libro.

2. ACTIVIDADES PREVISTAS.

- 📖 Lecturas de libros suxeridos polo profesorado e tamén polo propio alumnado.
- 📖 Recomendacións do mes. Todos os meses faremos dúas ou tres recomendacións de libros que consideremos imprescindibles.

- 📖 Encontros con autores de libros lidos, sempre que sexa posible.
- 📖 Realizar os roteiros dos autores de Rianxo: Castelao, Manuel Antonio e Rafael Dieste.
- 📖 Encontros periódicos dos alumnos do centro cos diferentes coordinadores dos grupos do club de lectura.
- 📖 Encontros periódicos dos adultos relacionados co centro interesados en participar no club de lectura co coordinador.
- 📖 Publicación en diferentes medios (páxina web, twitter, facebook, instagram) das conclusión e reflexións acaecidas nos diferentes clubs de lectura.
- 📖 Ilustrar obras de autores identificados con Rianxo.

3. COMPOSICIÓN DO CLUB DE LECTURA E PARTICIPANTES.

Para iniciar o presente curso contamos con doce profesores, aínda que deixamos a porta aberta para novas incorporacións. Polo tanto, consideramos que podemos achegar o pracer da lectura a preto dun cento de nenos e nenas que voluntariamente o desexen.

4. HORARIO E CALENDARIO PREVISTO PARA AS REUNIÓN PRESENCIAIS.

Consideramos que son os recreos o mellor momento para estas reunións, mais a experiencia fai que nesta ocasión sexamos flexibles, así o coordinador co grupo lector serán os encargados de establecer o seu propio calendario. Tamén será posible facer reunións os martes de 16:20 a 18:00 horas por ter garda de biblioteca a esas horas o coordinador da mesma.

5. FORMA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

Como a nosa avaliación de anos precedentes considerámola positiva, imos seguir a mesma liña de actuación.

Neste curso 2017/18 o número de profesores colaboradores é semellante a cursos anteriores, consideramos este número moi axeitado para cumprir obxectivos. Polo tanto,

podemos atender a máis nenos, pois cada profesor vai ter o seu grupo de lectura, como participa profesorado de varios departamentos as lecturas a realizar serán de gran diversidade e coa posibilidade de facelo en diferentes linguas.

Cada grupo co seu coordinador (profesor/a) terá autonomía para realizar as lecturas que consideren máis axeitadas.




As reunións realizaranse durante os recreos e se é posible na biblioteca do Centro, esta é unha actividade que consideramos nos pode axudar a dinamizar a biblioteca. Porén, consideramos que debemos ser flexibles.

Durante as reunións debemos os coordinadores fomentar que os alumnos/as falen, opinen e se expresen con total liberdade sobre o libro, importante é xerar un debate que sexa proveitoso, tanto para alumnado como profesorado.

Rematado o debate debe recollese por escrito aquelas ideas que se consideren relevantes para ser publicadas na páxina web do IES, dentro do apartado do Club de lectura.

6. MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR.

Comezamos a campaña polo profesorado, agora que xa contamos co compromiso de varios compañeiros, tamén imos realizar unha campaña entre o alumnado que levaremos cabo en tres partes:

-  Información oral ao alumnado na propia aula sobre o Club e os seus obxectivos.
-  Carteis nas aulas e noutros lugares do Centro.
-  Enviarlle información a ANPA.

O director:

O coordinador:

Ramón Veiga

X. Ricardo Losada

